

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As plantas clasífanse en dous grandes grupos: as plantas con flores e as plantas sen flores.
As plantas con flores teñen sementes e divídense en dúas clases: anxiospermas, que producen froitos, e ximnospermas, que non producen froitos.
As plantas sen flores non producen sementes e son principalmente os musgos e fentos.

1 Escribe o tipo de planta ao que se refire cada característica.

Teñen un talo subterráneo do que saen as raíces e as follas.

Suxéitanse ao chan por medio duns pelos ou raiciñas.

As follas adoitan ter forma de agulla.

Poden ser árbores, arbustos ou herbas.

2 Que diferenzas existen entre as flores das anxiospermas e as das ximnospermas?

3 As seguintes oracións son erróneas. Esríbeas de novo correctamente.

- As plantas teñen flores todo o ano, excepto nalgunhas épocas, normalmente na primavera ou no verán.

- As esporas son unhas células especiais que permiten reproducirse ás plantas con flores.

- As esporas fórmanse nas flores e conteñen unha plantiña en miniatura e substancias alimenticias para facilitar o seu crecemento.

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As plantas necesitan materia e enerxía que conseguen elaborando o seu propio alimento. Para facelo toman do exterior auga, sales minerais e dióxido de carbono, e aproveitan a enerxía da luz solar.

Absorben a auga e os sales da terra mediante as raíces. A mestura destes é o **zume bruto** que chega ata as follas a través dos **vasos leñosos**.

As follas toman dióxido de carbono do aire a través dos estomas. Nas follas prodúcese a **fotosíntese**, neste proceso as plantas producen **zume elaborado**, unha mestura de auga e alimentos que se reparte por toda a planta a través dos **vasos liberianos**. Durante a fotosíntese as plantas liberan osíxeno á atmosfera.

1 Completa as seguintes frases.

- As plantas son capaces de fabricar o seu propio _____. Para iso necesitan tomar do exterior _____, _____, _____ e _____.
- As plantas absorben a auga a través das _____.
- O zume _____ é unha mestura de auga e sales minerais.
- O zume bruto chega ás follas a través dos vasos _____.
- As follas toman o dióxido de carbono a través dos _____.
- O zume _____ prodúcese nas follas, e é unha mestura de _____ e _____.
- O zume elaborado prodúcese grazas ao proceso de _____.

2 Une cunha liña cada proceso co seu lugar correspondente na planta.

absorción de auga e sales minerais

fotosíntese

fabricación de zume elaborado

absorción de dióxido de carbono

